



Galicia

# GALICIA

## LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA  
polo TEU**
**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 648

Semana do 12 ao 18 de outubro de 2015

## NON Á POBREZA, A DESIGUALDADE E OS TRATADOS COMERCIAIS QUE SÓ BENEFICIAN ÁS MULTINACIONAIS

**Redacción.-** A Alianza Española contra a Pobreza e a campaña #NoalTTIP, das que UGT forma parte, convocaron en todo o país a Semana de Acción contra os Tratados de Libre Comercio e a Semana de Loita contra a Pobreza, que culminarán o 17 de outubro, o Día Internacional para a Erradicación das Causas da Pobreza.

Unha de cada 9 persoas no mundo carecen de alimentos suficientes e máis de 700 millóns viven na máis extrema pobreza, que cada vez é máis extrema, intensa e crónica, polo que resulta necesario cambiar este sistema que xera riqueza para o 1% e un empobrecemento xeneralizado para o resto da poboación.

Ademais, os tratados de comercio e investimento que actualmente están en

negociacións unicamente favorecen os intereses das grandes empresas transnacionais en detrimento dos pequenos produtores e comerciantes e da propia cidadanía.

Por elo, esixense políticas públicas máis sociais para cumprir cos dereitos humanos, que fomenten o emprego de calidade e salarios dignos; un plan de implementación da axenda dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable coa participación activa da cidadanía; e políticas coherentes coa xustiza global, promovendo os sistemas fiscais suficientes, equitativos e progresivos como unha das

ferramentas máis poderosas para afrontar as desigualdades dentro de cada país.

Só poderemos acabar con esta secura se poñemos ás persoas por encima dos beneficios económicos das multinacionais. As políticas deben ser coherentes e consecuentes cos compromisos constitucionais, europeos e internacionais en materia de dereitos humanos e ambientais.


**as persoas primeiro**  
 esiximos gobernos responsables cos Dereitos Humanos

PARA UN MUNDO SOSTIBLE, LIBRE DA POBREZA E DA DESIGUALDADE



## TRAS SENDAS XUNTANZAS CON ECONOMÍA E FACENDA, O SECRETARIO XERAL DE UGT-GALICIA LAMENTA NON PODER INCIDIR NOS ORZAMENTOS ANTES DE PECHARSE

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, reuniuse o pasado martes co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por primeira vez desde que conta con competencias de traballo.

Ao término da xuntanza, Gómez aclarou que se tratou dun primeiro contacto no que non se lle avanzou nada concreto sobre as principais liñas en materia de emprego.

Tamén o xoves tivo lugar outra xuntanza co conselleiro de Facenda á que asistiu o responsable de Emprego de UGT-Galicia, José Domingo Barros, para presentar-lles as liñas dos orzamentos de 2016.

Neste senso, tanto en relación á primeira xuntanza como á do xoves, UGT-Galicia reitera, como ven facendo nos últimos anos, que non é de recibo que se lles convoque a unha xuntanza sobre presu-

postos cando estes xa están deseñados. Non é normal que se pida o parecer dos axentes sociais no último momento, pois hai que velos con tranquilidade, analízalos e ter a capacidade de influír sobre eles.

Porque, como ven sendo habitual, estes elabóranse sen participación nin presenza ningunha das organizacións sindicais.

Gómez indicou que os cambios no Goberno vanse medir se hai un xiro nos presupostos de 2016 para loitar contra o paro, pois as políticas activas de emprego caeron preto dun 35 por cento dende o comezo da crise, á vez que se pide reactivar a formación ocupacional, con investimentos produtivos e cunha recuperación a través do emprego de calidade.

O secretario xeral de UGT-Galicia aclarou que no que si coincidiron todos no encontro é que o paro é o principal problema

que hai en Galicia.

Pola súa banda, José Domingo Barros botou en falta que non se concretaran as cifras relativas a emprego, función pública ou dependencia. Unha ausencia de concreción que non se entende cando este luns as contas públicas de Galicia se presentan no Parlamento.

Tamén cualificou como “demasiado optimista” o escenario debuxado polo responsable de Facenda na xuntanza.



# O IPC RATIFICA OS ERROS DUNHA POLÍTICA QUE FOMENTA A PRECARIIDADE, A DESIGUALDADE E A POBREZA

**Redacción.-** O IPC profundou a súa senda descendente e volve ratificar os erros dunha política económica inxusta e que fomenta a desigualdade e a pobreza. As políticas de austeridade empeoraron as condicións de vida da poboación e a demanda interna non se recupera pola desvalorización das rendas das familias.

UGT considera que para que a recuperación sexa palpable para os cidadáns hai que recuperar as rendas salariais no noso país, o que implica non só máis emprego senón tamén loitar contra a excesiva precarización do noso mercado de traballo (hai un 36% de precariedade, un 25% dos contratos son temporais, unha cuarta parte dos cales duran 7 días ou menos, un 11% son contratos a tempo parcial de carácter involuntario e máis do 60% dos parados son de longa duración). Ademais, os Orzamentos Xerais do Estado tampouco corríxen esta situación.

Por iso, UGT demanda a modificación da política de rendas, incrementando o poder adquisitivo dos funcionarios e pensionistas, aumentando o Salario Mínimo Interprofesional (o SMI, que perdeu xa 5,4 puntos de poder de compra nos últimos cinco anos), actualizando convenientemente o IPREM e garantindo o poder adquisitivo aos traballadores no sector privado, en liña co pactado no III Acordo para o Emprego e a Negociación



Colectiva 2015-2017 asinado polos interlocutores sociais.

Así mesmo, considera que hai que potenciar as políticas activas de emprego e establecer recursos adicionais para mellorar a empregabilidade e lograr a inserción permanente dos desempregados.

Segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE), o IPC profundou a súa senda descendente, ao caer tres décimas respecto do mes anterior e situar a variación nos últimos doce meses no -0,9%, cinco décimas menor que a rexistrada en agosto. É a taxa máis baixa desde o mes de febreiro, cando se situaba no -1,1%.

A inflación subxacente, que mide a variación xeral de prezos descontando

os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos, aumenta unha décima e sitúase no 0,8%, aumentando a súa distancia coa taxa xeral, que xa é de 1,7 puntos porcentuais. Isto é consecuencia da forte incidencia sobre a taxa xeral da evolución dos prezos dos produtos enerxéticos derivados do petróleo, que na taxa subxacente non se teñen en conta.

Pola súa banda, no mes de agosto a taxa de variación anual do IPC Harmonizado (IPCA) cae de novo e sitúase no 1,1%, seis décimas por baixo da rexistrada o mes anterior. Deste xeito, o IPCA de España sitúase oito décimas por baixo da taxa media da eurozona, que é de -0,1%. España leva 25 meses consecutivos rexistrando taxas de variación do IPC inferiores ás da eurozona.

## A XESTIÓN DE RESIDUOS ESTATAL APOSTA POLA INCINERACIÓN

**Redacción.-** Estas semanas son decisivas para o futuro da xestión de residuos neste país. Por unha banda, vótase no pleno do Senado as conclusións do Relatorio sobre economía circular que levan en debate varios meses e, doutra banda, é posible que nestas semanas se aprobe o Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos (PEMAR). Amigos da Terra, Ecoloxistas en Acción, UGT, CCOO, CECU e a Fundación Catalá para a prevención de residuos instan o Goberno a avanzar cara a economía circular.

Tras numerosas comparecencias e visitas por parte dos senadores dos diferentes grupos, presentáronse unhas conclusións sen consenso, nas que se aposta por un incremento da incineración, sen ningún cambio significativo cara a chamada economía circular, que pecharía o círculo ao cambiar o concepto de residuos en recursos naturais. O pleno do Senado parece deixar de lado

as medidas máis eficientes para a xestión de residuos, como o incremento das porcentaxes de redución, reutilización e reciclaxe.

Á súa vez, está próxima a aprobación do Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos (PEMAR). A pesar da oposición cidadá, séguese mantendo a proposta de incrementar a incineración ata un 15%, superando o 10 % actual. E con todo, non se observan compromisos ambiciosos no resto de porcentaxes, nin de separación selectiva, nin de reciclaxe.

O diagnóstico preliminar, tanto do PEMAR como do Relatorio do Senado, é moi negativo e pide inexorablemente unha mellora urgente. A opción de ambos os documentos, que en conxunto poderían considerarse parte dunha mesma estratexia dun Goberno con maioría absoluta nas Cortes, é a continuidade dos sistemas obsoletos de recollida e reciclaxe actuais. O seu plan: reducir a xes-

ción en vertedoiros a través do incremento da incineración.

Esta formulación choca de fronte co concepto de economía circular, no que se expón que os materiais perduren no ciclo produtivo e económico, co fin de establecer un marco económico eficiente para rebaixar o consumo de recursos naturais e as emisións de CO2.

Por tanto, Amigos da Terra, Ecoloxistas en Acción, CECU, UGT, CCOO e a Fundación Catalá para a prevención de residuos solicitan ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, así como ao Pleno do Senado, que avancen cara unha adecuada xestión dos residuos, con compromisos na redución na xeración dos mesmos e o incremento da reutilización e a reciclaxe, cesando no seu empeño de incrementar a incineración, unha práctica contaminante e ineficaz, que prexudica ás poboacións próximas a estas infraestruturas.

# O GOBERNO VULNERA O CARÁCTER FINALISTA DA COTA DE FORMACIÓN E INFRINXE A SÚA PROPIA LEI DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras manifestan a súa decepción polo feito de que o Senado non aprobase a emenda á Lei de Orzamentos 2016 en desenvolvemento da Lei 30/2015, sobre a reanualización dos fondos de formación (remanentes de fondos non gastados).

Ambas as organizacións lamentan que o Senado tampouco aprobase integralmente o financiamento da rede de centros públicos e o financiamento para os representantes das organizacións empresariais e sindicais que desenvolvan funcións relacionadas coa negociación colectiva e o diálogo social que conxuntamente presentaron ao Ministerio de Emprego e aos grupos parlamentarios. O Goberno vulnera así o principio de carácter finalista da cota de formación e infrinxe a súa propia Lei de formación profesional para o emprego aprobada recentemente.

O proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 contempla que os fondos provenientes da cota de formación profesional destinaranse a financiar o sistema de formación profesional para o emprego regulado na Lei 30/2015. De igual forma, a citada lei impón ao Goberno na súa disposición adicional oitava a obriga de incorporar ao sistema de formación profesional no ámbito laboral os remanentes que puidesen producirse en cada exercicio.

Doutra banda, o recente 8 de outubro o BOE publicaba o informe do Tribunal de Contas sobre a fiscalización do financiamento das prestacións contributivas e non contributivas xestionadas polo servizo público de emprego estatal (SPEE) e no mesmo dise: "Este Tribunal de Contas considera que as distintas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en relación coa financiación do subsistema de formación profesional para o emprego establecen unha afectación dos fondos procedentes da cota de formación profesional, destinados a financiar o subsistema de formación profesional

para o emprego, o que obriga ao SPEE a calcular un remanente de tesourería, de cada exercicio, que se integre no orzamento de gastos, do exercicio seguinte, vía incorporación de crédito, de acordo co establecido no artigo 58.b) da LGP ao expoñer que «se podrán incorporar os remanentes de crédito do exercicio anterior procedentes das xeracións de crédito ás que se refire o artigo 53.2.e)». É dicir, tamén o Tribunal de Contas considera a cota finalista e de necesaria reanualización os créditos non gastados no ano anterior.

Nesta situación, o Partido Popular, a través dunha transaccional presentada polo seu grupo no Senado, burlou esta obriga legal de reincorporar as cantidades non asignadas en materia de formación, limitando a cantidade obxecto de reanualización ao 9% da cantidade que a Lei establece como remanentes de crédito incorporables, cal é a destinada á formación de traballadores ocupados e que é xestionada directamente polo SEPE. O resultado é que calquera cantidade orzada que non se gaste no exercicio non retornará ao sistema de formación.

Lamentablemente, esta situación, de non ter unha corrección, vai supoñer que traballadores e empresas non poidan utilizar uns fondos para a súa formación, fondos que proveñen dunha cotización para esa finalidade e que o Goberno está a utilizar para outras finalidades, como o propio Tribunal de Contas crítica no seu último informe de fiscalización.

Por último, tampouco se recolleron integralmente dúas propostas presentadas



polos sindicatos, e que tamén ían na liña das obrigacións contraídas na Lei 30/2015 así:

A reserva orzamentaria para formación impartida a través da rede pública de centros de formación rebaiouse a 20 millóns, dos 30 que propuxeramos CCOO e UGT. Vemos a falta de vontade para aproveitar máis e mellor unha rede de centros públicos con gran capacidade de oferta de formación de calidade.

Non se recolleu, tampouco, a proposta de destinar o 1% da cota de Formación Profesional para financiar a formación que se establece na Lei 30/2015, necesaria para que os representantes das organizacións empresariais e sindicais desenvolvan funcións relacionadas coa negociación colectiva e o diálogo social. A súa cuantificación é tamén unha obriga que se establece na Lei 30/2015 Art. 6 Financiamento punto 7 que di "destinarase a contía que anualmente establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado". Pois ben, a Lei GPE 2016 non estableceu contía ningunha.

Unha vez máis, vemos como o Goberno e o grupo parlamentario que o sustenta, incumpren os compromisos e obrigacións que contraen e neste caso aínda máis, ao incumplir a súa propia lei, que tanto publicitaron.

**É DE LEI** 2 MILLONS DE PERSOAS INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR prestación de ingresos mínimos para

Leva a túa sinatura ao Congreso eu asino! rescatar ás persoas combater a desigualdade

## ANTONIO RODRÍGUEZ ALMODÓVAR, XVII PREMIO JULIÁN BESTEIRO DAS ARTES E AS LETRAS

**Redacción.-** O Xurado do XVII Premio "Julián Besteiro das Artes e as Letras" decidiu outorgar este galardón ao escritor Antonio Rodríguez Almodóvar pola súa ampla traxectoria literaria, política e sindical, comprometida cos valores humanos, sociais e progresistas.

Nacido en 1941 na localidade sevillana de Alcalá de Guadaíra, Antonio Rodríguez Almodóvar é na actualidade un dos autores literarios máis relevantes do noso tempo, con máis dun centenar de títulos publicados, entre os que destacan obras tan coñecidas como os "Contos da Media Lunita", colección de 64 títulos, baseadas nos contos populares españois, traducidas ao catalán, galego, valenciano e euskera, ou "Contos á calor do lume I e II" (con 30 edi-

cións a partir de 1983).

A súa traxectoria política e sindical comezou en plena clandestinidade en 1967, sendo alumno de Filoloxía na Facultade de Filosofía e Letras de Sevilla, o que o levou a participar activamente no movemento estudantil contra a ditadura no período 1967-1969.

En 1969 visitou o cárcere de Carmona, onde aínda podía verse o lugar exacto onde estivo encerrado Julián Besteiro. En 1977 volveu ao mesmo lugar e, aínda que non era máis que un solar, entrevistou a varias persoas que coñeceron e trataron ao histórico dirixente socialista. Con ese ma-



terial confeccionou unha ampla crónica que publicou na revista Terras do Sur.

En 1976 formou parte do relatorio de estatutos no Congreso da Federación de Ensino de UGT en Cádiz, o primeiro congreso socialista fora da clandestinidade e, con posterioridade, creou varias agrupacións do PSOE e UGT na provincia de Sevilla, entre elas as de Osuna e Utrera.

## UGT ENVÍA FELICITACIÓN Á UGTT DE TUNES POLO PREMIO NOBEL DA PAZ

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Cándido Méndez, remitiu unha carta ao secretario xeral da UGTT de Tunes, Houcine Abassi, para trasladarlle as felicitacións da Unión Xeral de Traballadores pola concesión do Nobel da Paz ao Cuarteto de Diálogo Nacional Tunisiano, do que forma parte esa organización sindical.



### Texto íntegro da carta:

"En nome da Unión Xeral de Traballadores de España (UGT) queremos expresarvos a nosa felicitación polo merecido Premio Nobel da Paz que vos foi concedido ao Cuarteto de diálogo Nacional de Tunes, do que sodes parte fundamental do mesmo.

Grazas ao voso empeño en nome da

clase traballadora tunisiana, contribuíchedes á construción da paz, a liberdade e a democracia no país referente da primavera árabe.

Como organización de traballadores sentímonos orgullosos da vosa exemplaridade e loita sen descanso en favor da causa común da clase traballadora.

Parabéns e cos nosos afectuosos e fraternais saúdos."

## UGT gaña as eleccións entre o persoal laboral do Concello de Sarria e pasa de un a catro delegados



**Redacción.-** UGT gañou as eleccións sindicais entre o persoal laboral do concello lucense de Sarria.

Obtivo catro dos nove representantes que se elixían no proceso, cando hai catro anos só tiña un delegado, dándolle así a volta aos resultados.

Participaron no proceso, -no que a CIG obtivo dous representantes, outros dous CCOO e un CSIF-, un total de 133 traballadores.

Programa de garantía xuvenil

Programa extraordinario de activación para o emprego

INFÓRMATE!

Dirixete ás sedes de UGT ou en: <http://www.ugtgalicia.org>

## SEGUIMIENTO MASIVO DA XORNADA DE FOLGA NO ÁLVARO CUNQUEIRO DE VIGO E APOIO DOS TRABALLADORES DO RESTO DOS HOSPITAIS PÚBLICOS DE GALICIA

**Redacción.-** Como masivo, cualificou a Xunta de persoal do hospital vigués Álvaro Cunqueiro o seguimento da xornada de folga convocada polos sindicatos o pasado martes como símbolo de protesta pola situación na que se atopa o novo hospital e os problemas que están a sufrir, polas numerosas deficiencias, tanto os profesionais como os doentes.

Ao longo da xornada de folga foron varias as concentracións que

se fixeron no propio hospital de Vigo e xa pola tarde tivo lugar unha manifestación na que millares de persoas se mobilizaron nunha marcha ata a avenida de Clara Campoamor.

No resto dos hospitais públicos galegos tamén se sucederon concentracións ao longo da xornada como mostra de solidariedade coa situación do Álvaro Cunqueiro que, nalgúns casos, tamén se aproveitaron para denunciar as propias deficiencias dos seus centros.



### Os prexubilados de Izar/Navantia e Imenosa esixen o pago do que se lles adeuda

**Redacción.-** Centos de prexubilados de Izar/Navantia e Imenosa protagonizaron o pasado martes unha concentración fronte á delegación de Facenda en Ferrol para denunciar que xa se superan os prazos comprometidos pola SEPI para iniciar o abono das cantidades que lles adeudan porque o Goberno conxelou as súas retribucións en 2003. Xa hai máis de cinco meses o TS dictou unha sentenza na que se recoñecen estes dereitos aos antigos traballadores de Izar/Navantia, Imenosa, Babcock, Altos Hornos de Vizcaya e Mayasa.

Ante esta situación e, despois de manter varias asembleas cos afectados, que na comarca de Ferrol cálculase que superan os 1.300, acordouse comezar un calendario de mobilizacións e iniciar un proceso para interpoñer demandas individuais co fin de reclamar o diñeiro adeudado.

### Traballadores de aforro concéntranse para denunciar que a negociación do convenio non avanza

**Redacción.-** Os traballadores do sector de aforro están chamados a concentrarse hoxe fronte á sede de Abanca en A Coruña para denunciar que a negociación do convenio non avanza e “Por un convenio con dereitos”. Do mesmo xeito que o farán os seus compañeiros de sector no resto do Estado.

FES denuncia que a negociación do convenio non avanza, basicamente, pola actitude da patronal que esixe profundos cambios estruturais que se traducen na liquidación do salario fixo con dereitos, tamén pretenden eliminar os complementos ligados aos deslizamentos, outro dos obxectivos da dirección das caixas é incrementar a mobilidade xeográfica e preténdese abrir unha desregulación total dos horarios laborais.



### Nova concentración este venres dos extraballadores da Fábrica de armas de A Coruña

**Redacción.-** Os extraballadores da Fábrica de armas de A Coruña concentráronse, como xa fixeron nas semanas precedentes, de novo este venres fronte á Delegación do Goberno para demandar un proxecto industrial sólido e viable para a factoría coruñesa.

Tamén denunciarán o obscurantismo e o silencio das administracións nesta adxudicación.

## XX ENCONTRO SINDICAL DA MULLER

# MULLERES EMPODERADAS PARA UNHA SOCIEDADE MÁIS IGUALITARIA

**Redacción.-** UGT, xunto con CCOO, organizaron en Vigo os días 15 e 16 o XX Encontro sindical da muller, nesta edición baixo o lema “Mulleres empoderadas para unha sociedade máis igualitaria”.

No encontro participaron, entre outras, a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movimentos Sociais de UGT-Galicia, Mónica Rodríguez, cunha ponencia sobre “Lexislación en materia de igualdade: permisos de maternidade e lactación”. Tamén por parte do Sindicato interveu María Dolores Somoza.




En todas as mesas coincidiuse na necesidade de establecer estratexias de empoderamento como desafío ás relacións de poder existentes, buscar o desenvolvemento das mulleres e o seu acceso a estruturas de poder.

## CONTINUÁN OS ACTOS DE RECOLLIDA DE FIRMAS EN DEMANDA DUNHA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS EN PONTEVEDRA E VIGO

**Redacción.-** A Unión comarcal de UGT-Pontevedra-Arousa organizou este martes unha rolda de prensa na que presentou o inicio da recollida de firmas para unha prestación de ingresos mínimos na comarca.

Do mesmo xeito, o mércores, fronte ao Marco de Vigo, organizouse unha mesa de recollida de firmas con este mesmo fin.

Actos que se enmarcan nunha campaña que se está a desenvolver en todo



o Estado co obxectivo de presentar unha ILP para establecer a devandita prestación.

## UGT detecta erros na aplicación dos coeficientes de parcialidade de todos os traballadores do sector de panaderías da provincia de A Coruña

**Redacción.-** FITAG ven de denunciar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Inspección de Traballo o cómputo erróneo do coeficiente de parcialidade de todos os traballadores do sector de panaderías da provincia de A Coruña.

O erro reside en que o devandito cálculo, por sistema, se está a facer sobre 40 horas semanais (a xornada legal máxima ordinaria), sen considerar que a xornada máxima establecida no convenio colectivo do sector é de 38,5 horas á semana. O que, evidentemente, resulta gravoso e prexudicial para os afectados á hora do recoñecemento de futuras

prestacións de Seguridade Social.

Dende FITAG explican que aos servizos xurídicos da federación foron chegando casos individuais que detectaron o erro pero unha comprobación lles permitiu confirmar que non se trataba de erros puntuais, senón que os afectados están a ser todos os traballadores do sector con contrato a tempo parcial. Non obstante, non se descarta que este erro afecte tamén a traballadores a tempo parcial doutros sectores con convenios por debaixo das 40 horas semanais. Por iso, dende o Sindicato aconséllase a todos os traballadores con contrato parcial que consulten a súa vida laboral.



## Traballadores do metal maniféstanse en toda a provincia de Pontevedra “Por unha solución xa ao convenio do sector”

**Redacción.-** Miles de traballadores e delegados do sector do metal manifestáronse onte en Vigo, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa para demandar “Unha solución xa á negociación do convenio do metal para a provincia de Pontevedra”.

Levan negociando este convenio, que tería unha vixencia de dous anos, dende comezos de 2015, e as pedras postas no camiño pola patronal son continuas. A día de hoxe, existe unha total cerrazón nas súas posturas e dende MCA, a responsable do Sindicato en Vigo, Ana Belén Valiño, ten a percepción de que o que se pretende é alargar esta negociación ata chegar ao 2016 e que no 2015 os traballadores non gocen das melloras do convenio.

A patronal pretende un incremento para o 2015 do 0,5 por cento, pero sen carácter retroactivo, polo que no mellor dos casos aínda que se asine o convenio xa só se aplicaría ata finais de ano, perdendo así poder adquisitivo os 22.000 traballadores do sector da provincia de Pontevedra. Para o 2016, a suba sería do 0,75 por cento.

No relativo ao plus de eventualidade pretenden que pase de 20 a 12 días e que este se abone a finais de contrato. Algo que rexeitan os sindicatos porque suporía que moitos traballadores presionados por posibles contratacións futuras renunciasen a el. Pretendían incluír as ETT's no convenio cando xa existe unha sentenza do TSXG que ratifica que estas non poden operar no sector do metal.

Valiño valorou tamén como unha insensatez a negativa da patronal a incluír no convenio dereitos, xa recoñecidos por lei, como por exemplo determinadas licenzas, como os permisos de preparación ao parto, entre outras. Por todo isto, a vindeira semana UGT, CCOO e CIG reuniránse para ver se se programan novas mobilizacións.